

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 1529** *Real decreto lei 3/2021, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da fenda de xénero e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico.*

I

Ante a persistencia da crise sanitaria provocada polo virus SARS-CoV-2, é preciso seguir adoptando as medidas que a situación exige en cada momento, empregando ademais os instrumentos que permitan que tales medidas teñan eficacia no menor prazo posible, dada a urxencia inherente ao escenario actual. Este escenario caracterízase por un incremento notable do gasto público, acompañado dunha ralentización da actividade económica en certos sectores, como consecuencia das restricións impostas polas autoridades sanitarias no seu empeño por facer fronte á pandemia. Por iso, é imperativa a adopción das medidas que son obxecto deste real decreto lei e que perseguen un triplo obxectivo; primeiro, reforzar a fortaleza e viabilidade do sistema da Seguridade Social, á vez que se actúa contra a fenda de xénero manifestada nas pensións, mediante a reforma do artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro; segundo, mellorar os mecanismos protectores en favor dos colectivos que máis o precisan, modificando por un lado o Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, e mellorando, por outro lado, o réxime de incapacidade temporal do persoal sanitario e sociosanitario; e terceiro, garantir a suficiencia dos recursos de familias e autónomos, ampliando o prazo para que poidan gozar de moratorias hipotecarias e outorgando avais públicos a través do Instituto de Crédito Oficial.

A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 12 decembro de 2019 (asunto WA), estableceu que o artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social sobre o complemento por maternidade nas pensións contributivas do sistema era contrario á Directiva 79/7/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1978, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social. E fíxoo por entender que resulta discriminatorio que se recoñeza un dereito a un complemento de pensión por achega demográfica para as mulleres (con polo menos dous fillos), «... mentres que os homes que se encontran nunha situación idéntica non teñen dereito a tal complemento...».

Desta forma, a sentenza puxo de manifesto a defectuosa configuración legal do citado complemento en canto compensación por achega demográfica. E a necesidade de proceder á súa redefinición ofrece a oportunidade de convertelo nun instrumento eficaz na redución da fenda de xénero nas pensións.

Non é exaxerado afirmar que a fenda de xénero constitúe a principal insuficiencia na acción protectora da Seguridade Social no ámbito das pensións como reflexo dunha discriminación histórica e estrutural das mulleres no mercado de traballo pola asunción do rol de coidadoras dos fillos e fillas. Neste sentido, conséntase que a maternidade afecta decisivamente a traxectoria laboral da muller na súa etapa en activo e é esta unha, se non a máis importante, causa desa fenda: canto maior é o número de fillos, menor é o número de anos cotizados, menor é a proporción de contratos a tempo completo ou equivalente e menor é, en última instancia, a pensión recoñecida.

Esta circunstancia non é exclusiva do caso español, senón compartida case sen excepción polo resto de países da Unión Europea. De aí que non deba sorprenden que o propio Tribunal Constitucional recoñecese a lexitimidade dun obxectivo que pase por «... compensar aquelas nais que, pola súa dedicación ao coidado dos fillos, e a pesar da súa

intención de ter unha carreira laboral o máis longa posible, non puidesen cotizar durante tantos anos como o resto de traballadores» (ATC 114/2018). E o mesmo Tribunal avalou as medidas de acción positiva en favor das mulleres, sempre que exista unha concreción normativa previa, que a medida sexa proporcionada e que a súa eficacia sexa temporal, ata que desapareza a situación de desigualdade (ATC 119/2018). Estes parámetros concorren na presente regulación, cuxa conexión co mandato de consecución da igualdade efectiva dos artigos 9.2 da Constitución española e 11 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e coa doutrina de acción positiva é máis que evidente, ademais de enlazar coas recomendacións do Pacto de Toledo, recentemente renovado.

A nova regulación do artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e da súa réplica no texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril (disposición adicional décima oitava), substitúe o complemento de maternidade por achega demográfica por un complemento dirixido á redución da fenda de xénero en que o número de fillos é o criterio obxectivo que se utiliza para articular a medida por canto o seu nacemento e coidado é a principal causa da fenda de xénero.

E faino dunha forma equilibrada e efectiva –e á vez respectuosa coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea–, a través dun deseño en que se persegue configurar o «complemento» como unha panca para a redución da fenda de xénero, que é o reflexo desa situación de subordinación das mulleres no mercado de traballo ao ter asumido historicamente un papel principal na tarefa dos coidados dos fillos. Pero faise deixando a porta aberta a que aqueles pais que acrediten un prexuízo na súa carreira de cotización con ocasión do nacemento ou adopción dun fillo pola asunción desas tarefas de coidados teñan acceso ao «complemento». É dicir, que se combina unha acción positiva en favor das mulleres (se ningún dos proxenitores acredita o prexuízo na súa carreira de cotización, o «complemento» percíbeo a muller) coa previsión dunha «porta aberta» para aqueles homes que poidan encontrarse nunha situación comparable.

En definitiva, pode concluírse que a nova regulación do artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social persegue o que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea identifica como un obxectivo lexítimo de política social: corrixir unha situación de inxustiza estrutural (a asunción por parte das mulleres das tarefas de coidados dos fillos) que se proxecta no ámbito das pensións, dando visibilidade á carencia histórica de políticas de igualdade e á asignación do rol de coidadora. No ben entendido que se trata de reparar un prexuízo que sufriron ao longo da súa carreira profesional as mulleres que hoxe acceden á pensión, é dicir, un prexuízo xerado no pasado. E que, por tanto, resulta perfectamente compatible e coherente co desenvolvemento de políticas de igualdade ambiciosas que corrixan as desigualdades actualmente existentes no mercado de traballo e na asignación dos roles relacionados cos coidados.

En coherencia con esta formulación, o alcance temporal do novo complemento económico vincúlase á consecución do obxectivo de reducir a fenda de xénero nas pensións contributivas de xubilación por debaixo do 5 por cento.

Tamén se fixa un sistema de revisión en que se dá entrada aos interlocutores sociais para garantir así o compromiso de todos na loita contra a desigualdade de xénero, cuxo maior expoñente se pon de manifesto nos momentos de maior necesidade. Iso obriga a modificar tanto o texto refundido da Lei xeral da seguridade social como o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

Todas estas medidas exixen establecer o sistema de financiamento, así como precisar que alcance terá o novo complemento para os pensionistas que veñen percibindo o complemento por maternidade.

Por último, debe sinalarse que esta reconfiguración do citado complemento foi debatida polo Goberno no marco do diálogo social cos interlocutores sociais, cuxas achegas serviron para incorporar importantes melloras no deseño e na regulación deste instrumento, e reforzar así a lexitimidade social da reforma.

II

Por outra parte, inclúense no presente real decreto lei unha serie de reformas imprescindibles no ámbito da prestación non contributiva de ingreso mínimo vital, regulada no Real decreto lei 20/2020, do 29 maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital. O período de posta en marcha da prestación, desde a súa entrada en vigor, fixo evidente a necesidade de mellorar algúns dos seus aspectos para permitir que se dea cobertura ao maior número de persoas e se poidan incluír algunhas situacións que, coa regulación actual, non se prevén ou non contan cunha operativa que permita incorporalas correctamente á prestación.

A protección dos máis desfavorecidos preséntase como un obxectivo inaprazable, máis nestes momentos de crise económica motivada pola crise sanitaria. Resulta imprescindible que o Estado dea unha resposta inmediata a unha situación de urxente necesidade, que neste caso se articula a través dos mecanismos existentes no sistema da Seguridade Social e, en concreto, a través da prestación non contributiva de ingreso mínimo vital. De aí a modificación do Real decreto lei 20/2020, do 29 maio.

Para tal fin, modifícase a regulación das persoas usuarias de prestacións de servizo residencial para ampliar a capacidade de ser beneficiarias da prestación ás persoas que residan en establecementos financiados con fondos privados, xa que na redacción previa só se estendía a establecementos públicos. Isto débese a que existen persoas en situación de exclusión social que, por razón da titularidade destes recursos de que facían uso, quedan fóra da prestación.

Así mesmo, elimínase o límite de titulares do ingreso mínimo vital nunha mesma vivenda, co fin de eliminar as barreiras ao seu acceso que puideron experimentar as persoas usuarias de prestacións de servizo residencial, así como de recoñecer a realidade de persoas en situación de vulnerabilidade que se agrupan nunha mesma vivenda co fin exclusivo de compartir gastos.

Por outro lado, manifestouse relevante considerar determinados casos especiais de empadramento, previstos na Resolución do 17 febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal. En concreto, o caso do empadramento en establecementos colectivos e o empadramento en infravivendas e de persoas sen domicilio. Este tipo de empadramentos poñen de manifesto unha realidade, a de residencia en centros colectivos e o *senfogarismo* ou residencia en infravivendas, que require unha consideración especial e que difire do réxime xeral de empadramento establecido no artigo 19 do Real decreto lei 20/2020, do 29 maio.

Neste suposto, permítese que a unidade de convivencia estea configurada polo titular, polas persoas unidas entre si por vínculo matrimonial, como parella de feito, e, de ser o caso, cos seus descendentes menores de idade ata o primeiro grao de consanguinidade, afinidade, adopción ou en virtude de réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción. Nalgúns supostos pódese estender ata o segundo grao.

Por outra parte, outro fenómeno que tamén afecta os potenciais beneficiarios da prestación é a posibilidade de residir nun domicilio con persoas con que tivesen vínculos propios da unidade de convivencia, pero que esta convivencia se deba a unha situación especial, tal como ter o carácter de muller vítima de violencia de xénero, ter iniciado os trámites de separación, nulidade ou divorcio, ou ter instado a disolución da parella de feito formalmente constituída, acompañada de menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente, ou ter abandonado o domicilio por desafiuzamento ou por ter quedado inhabitable por causa de accidente ou forza maior. Salvo no suposto de mulleres vítimas de violencia de xénero, a consideración de unidade de convivencia independente terá carácter temporal.

Así mesmo, permítese o acceso á prestación a persoas soas en situación de exclusión social que convivan con outras persoas soas ou unidades de convivencia e que non teñan vínculos de parentesco.

Por outra parte, a complexidade da realidade das persoas potenciais beneficiarias da prestación require da participación dos servizos sociais e, transitoriamente, de entidades do terceiro sector de acción social debidamente acreditadas -os mediadores sociais do ingreso mínimo vital- para poderen certificar a existencia de determinadas situacións particulares.

A figura dos mediadores sociais do ingreso mínimo vital constitúe un mecanismo de cooperación reforzada na tramitación da prestación que se fai necesaria durante os primeiros cinco anos desde a entrada en vigor desta norma, para axilizar e facilitar á entidade xestora da prestación a acreditación de determinados requisitos exixidos para o acceso a ela.

Para iso regúlanse os requisitos substantivos para que unha entidade poida considerarse mediador social do ingreso mínimo vital. Esta condición obtérase mediante a inscrición no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital, que se crea na disposición transitoria oitava que se introduce no Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio. A súa inscrición realizarase por medio de resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social logo de acreditación de todos os requisitos requiridos. O mantemento dos requisitos que permitiron a inscrición no rexistro deberá acreditarse con carácter anual.

Deste modo, requirirase, para o acceso á prestación, certificado dos servizos sociais co fin de acreditar a residencia colectiva, o carácter non permanente da prestación de servizo residencial, o domicilio real dunha persoa que alegue non vivir onde consta no empadramento ou a inexistencia de vínculos cando no mesmo domicilio, á parte dos solicitantes da prestación, residan outras persoas. O mantemento dos informes debe facerse con carácter anual.

Tamén se incorpora con esta modificación que a notificación da resolución a persoas sen domicilio será efectuada nos servizos sociais do municipio ou, de ser o caso, na sede ou centro da entidade en que as persoas interesadas figuren empadroadas, así como a inclusión da obrigaçión dos concellos e das entidades do terceiro sector de acción social de comunicar ao Instituto Nacional da Seguridade Social os cambios de domicilio nos supostos de persoas sen domicilio en cuxa sede se encontren empadroadas.

III

Recóllense nesta norma outras medidas da Seguridade Social en que, pola súa necesidade de aplicación inmediata, non resulta posible seguir unha tramitación ordinaria.

Entre estas medidas encóntrase a modificación do parágrafo segundo do número 9 do artigo 5 do Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego, para vincular o cesamento da obrigaçión de cotizar ao mes en que se presenta a solicitude da prestación, e do artigo 7 do citado texto, co obxecto de facilitar aos traballadores autónomos que tributen por estimación obxectiva a proba da caída de ingresos ao establecer unha presunción para o efecto, o que facilitará o acceso á prestación ao descargarlles da necesidade de probar a redución da actividade en determinados supostos.

Por outro lado, a necesidade de garantir a asistencia sanitaria ocasionada como consecuencia da pandemia que estamos a atravesar fai esencial facilitar ás administracións públicas a contratación de profesionais, sanitarios, que están retirados da vida activa. O Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, establece que durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesta norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

O Real decreto 956/2020, do 3 novembro, prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 outubro, ata o 9 de maio de 2021, ás 00.00 horas.

O artigo 2 do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, indica que para os efectos do estado de alarma a autoridade competente será o Goberno da Nación e en cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos neste real decreto. Así mesmo, o artigo 12 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que xulgue necesarias, sen prexuízo do establecido neste real decreto.

Entre estas medidas encontraríase a posibilidade de que as e os profesionais sanitarios xubilados poidan incorporarse voluntariamente aos servizos de saúde das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía.

Por último, acórdase avanzar na protección das e dos profesionais que prestan servizos en centros sanitarios ou sociosanitarios e que contraían a COVID-19 no exercicio da súa profesión durante a situación de pandemia, estendendo esta cobertura ao persoal sanitario que presta servizos na inspección médica dos servizos públicos de saúde e do Instituto Nacional da Seguridade Social e ao persoal sanitario de sanidade marítima que presta servizos no Instituto Social da Mariña.

Xa mediante a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia, se establecera que as prestacións causadas polo dito persoal se considerasen derivadas de accidente de traballo.

En virtude do presente real decreto lei, as prestacións que estes profesionais puidesen devindicar serán as mesmas que o sistema da Seguridade Social outorga a quen contraese unha enfermidade profesional. Trátase, con iso, de dar unha resposta excepcional a unha situación tamén excepcional, que á vez permite satisfacer as demandas que se formularan neste sentido desde distintas corporacións e asociacións de profesionais sanitarios e sociosanitarios, e dáse resposta tamén á demanda que os grupos parlamentarios formularon ao Goberno.

IV

Co fin de romper o círculo vicioso entre liquidez e solvencia orixinado como consecuencia das medidas necesarias para conter a pandemia, aprobáronse varios reais decretos leis en que se articulaban moratorias para o pagamento de préstamos tanto hipotecarios como non hipotecarios dirixidos a familias e autónomos e, posteriormente, dirixidos a determinados sectores económicos que sufriran especialmente os efectos da crise.

A Autoridade Bancaria Europea fíxose eco das perturbacións xeradas en toda Europa pola pandemia global e aprobou as directrices relativas ás moratorias lexislativas e non lexislativas dos reembolsos de préstamos aplicadas á luz da crise da COVID-19 (EBA/GL/2020/02) o 2 de abril de 2020. Estas directrices permitiron ás entidades de crédito un tratamento contable favorable das moratorias outorgadas para paliar os efectos da COVID-19, mitigando o seu impacto sobre as entidades financeiras, compaxinando así o interese público de protexer os afectados pola crise da COVID-19 co mantemento da estabilidade financeira.

As directrices da Autoridade Bancaria Europea establecían límites aos prazos de concesión que se viñeron ampliando. Inicialmente, o prazo que se fixou foi ata 30 de xuño de 2020. Non obstante, dada a persistencia dos efectos económicos da pandemia en Europa, ampliouse ata o 30 de setembro de 2020 coa modificación aprobada por esta autoridade o 25 de xuño (EBA/GL/2020/08), e este prazo adaptouse ao noso ordenamento xurídico mediante o Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.

A evolución da pandemia a nivel global e, en particular, a nivel europeo, motivou que a Autoridade Bancaria Europea abordase novamente unha modificación destas directrices (EBA/GL/2020/15) para ampliar novamente o prazo de solicitude das moratorias. Este real decreto lei pretende adaptar o noso ordenamento xurídico á dita ampliación.

De forma coherente coa extensión dos efectos da pandemia, resulta conveniente ampliar o prazo de que dispoñen as persoas vulnerables conforme o que dispón o artigo 16 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, para poder solicitar e obter as moratorias no pagamento das cotas do financiamento na mesma forma e condicións xa previstas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, respecto das débedas con garantía hipotecaria, e no Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, respecto dos créditos sen garantía hipotecaria. Ademais, permítese que as persoas beneficiarias de calquera moratoria, tanto legal como acollida a un acordo sectorial, gocen dela por unha duración máxima acumulada de nove meses, incluídos aqueles que inicialmente solicitasen unha moratoria por un prazo inferior a este.

Neste sentido, o artigo 7 amplía ata o 30 de marzo de 2021, incluído, o prazo para solicitar moratorias no pagamento do financiamento hipotecario e non hipotecario previsto en cada un dos reais decretos leis citados na liña prevista no contexto da Unión Europea, tal como se establece no número 10 (f) das directrices da Autoridade Bancaria Europea relativas ás moratorias legislativas e non legislativas dos reembolsos de préstamos aplicadas á luz da crise da COVID-19.

En canto ao prazo de solicitude das moratorias concedidas ao sector turístico e ao sector do transporte de viaxeiros por estrada estendeuse de forma automática en aplicación do establecido nas ditas directrices, de acordo co procedemento establecido no artigo 5.2 do Real decreto lei 25/2020, do 3 xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego (sector turístico), e no artigo 20.2 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda (sector de transporte de viaxeiros por estrada).

Complementariamente, este artigo 7 permite aos beneficiarios solicitar a concesión de calquera moratoria ata o límite máximo de nove meses previsto nas citadas directrices da EBA. Desta forma, poderán solicitar a aplicación de calquera moratoria durante un máximo de nove meses aqueles que non solicitasen previamente a moratoria ou suspensión e aqueles que gozasen dunha ou varias moratorias ou suspensións por un prazo total acumulado inferior a nove meses.

Por outra parte, o artigo 8 establece un prazo de duración máxima acumulada delas tamén coherente co previsto no ámbito da Unión Europea. Este real decreto lei aplícase ás moratorias concedidas con anterioridade á súa entrada en vigor. As moratorias concedidas sobre a base de acordos sectoriais permitían uns efectos e unha duración superior aos tres meses inicialmente previstos nas moratorias legais. Agora establécese que a duración acumulada da moratoria legal e a acollida a un convenio sectorial de que goza o prestameiro beneficiario non debe superar os nove meses.

Este prazo máximo de duración é de aplicación a todas as moratorias, tanto ás legais como ás acollidas a un acordo marco sectorial regulado polo Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e seguridade social e tributarias para paliar os efectos da COVID-19. Quedan, por tanto, tamén afectadas pola dita limitación as moratorias establecidas no artigo 3 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, aplicables ao sector turístico, e no artigo 18 do Real decreto lei 26/2020, do 7 xullo, aplicable ao sector do transporte.

As directrices da Autoridade Bancaria Europea determinan que a limitación da duración se aplica de forma retroactiva ás moratorias concedidas ata 30 de setembro de 2020, data límite de aplicación retroactiva das novas directrices da Autoridade Bancaria Europea. Deste xeito, as moratorias concedidas despois do 30 de setembro de 2020 poderían ter

unha duración máxima de nove meses. Non obstante, neste real decreto lei establécese que as moratorias concedidas antes do 30 de setembro de 2020 poderán seguir tendo unha duración superior aos nove meses e as concedidas entre o 30 de setembro e a entrada en vigor deste manterán as condicións e duración polas que foron concedidas no seu día.

A incerteza sobre a duración da pandemia e os seus efectos fan aconsellable dotar de flexibilidade esta medida, polo que se incorpora a posibilidade de estender este prazo máis alá da dita data. O mesmo ocorre co prazo de duración total das moratorias, que poderá ser igualmente obxecto de ampliación polo mesmo procedemento, todo iso en coherencia co marco financeiro europeo que lle resulta de aplicación.

V

O outorgamento de avais públicos ao financiamento concedido polas entidades financeiras para facilitar acceso ao crédito e liquidez a empresas e autónomos cumpren coa normativa establecida pola Unión Europea, fundamentalmente co Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual gromo da COVID-19, e co Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

De acordo coa normativa europea, as autoridades concedentes están suxeitas á obrigaición de publicar determinada información sobre a axuda concedida. De feito, a falta de cumprimento desta obrigaición de comunicación de axudas pode devir na súa ilegalidade. Para o caso das liñas de avais xestionadas polo Instituto de Crédito Oficial, sen dúbida as máis relevantes en termos de volume, o Estado, como avalista, está obrigado a obter información sobre as axudas concedidas a través da Base de datos nacional de subvencións, xestionada pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IXAE). Para poder cumprir con esta obrigaición, é necesario dispor de información individualizada por empresa das cualificacións crediticias do Banco de España. Con este obxectivo, a través deste real decreto lei establécese o dereito do Instituto de Crédito Oficial a obter a dita información cando así o solicite. Ademais, establécense dous deberes para o Instituto de Crédito Oficial en relación coa información obtida: deberá tratar a información de maneira confidencial e deberá utilizala unicamente para o cumprimento das obrigaicións establecidas na normativa europea de axudas de Estado.

VI

O presente real decreto lei inclúe nove artigos, distribuídos entre tres capítulos e dous títulos; catro disposicións adicionais; unha disposición transitoria; unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O título I dedícase ás medidas en materia de seguridade social e conta con:

Un capítulo I destinado ao complemento para a redución da fenda de xénero.

Mediante o artigo 1, modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, co seguinte alcance:

Lévase a cabo a modificación do artigo 60 para adaptalo á finalidade perseguida e acordada polos axentes sociais, cuxo obxectivo principal é abordar a fenda de xénero que se pon de manifesto de forma máis patente no momento de acceder a unha prestación do sistema da Seguridade Social.

Incorpóranse ao texto unha disposición adicional trixésimo sexta, destinada ao financiamento do complemento recollido no artigo 60, e unha disposición adicional trixésimo sétima, sobre o alcance temporal do dito complemento.

Engádese unha nova disposición transitoria trixésimo terceira, para regular o mantemento transitorio do complemento por maternidade nas pensións contributivas do sistema da Seguridade Social.

Por medio do artigo 2 lévase a cabo a modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado e esta modificación afecta a disposición adicional décimo oitava coa finalidade de estender o complemento económico para a redución da fenda de xénero, previsto no artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aos perceptores dunha pensión no réxime de clases pasivas do Estado, e incorpórase unha disposición transitoria décimo cuarta para regular o mantemento transitorio do complemento por maternidade nas pensións de clases pasivas.

O capítulo II contén as medidas en materia do ingreso mínimo vital. En particular, mediante o artigo 3 modifícase o Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital. Introdúcense diversas modificacións da regulación do ámbito subxectivo, que afectan o artigo 4, para a determinación das persoas beneficiarias da prestación; o artigo 5, para suprimir o límite de titulares no mesmo domicilio; os artigos 6, 6 bis, 6 ter e 6 quater, en relación coas características das unidades de convivencia. E en coherencia cos anteriores cambios, modifícase a previsión sobre as causas de suspensión do dereito (artigo 14), sobre a acreditación dos requisitos (artigo 19), e incorpórase un artigo 19 bis para establecer as obrigacións dos servizos sociais. Tamén se introducen cambios no procedemento (artigo 25); modifícanse os artigos 30 e 31 para garantir a participación de todos os interesados e implicados na Comisión de Seguimento e no Consello Consultivo, establécese unha nova regulación relativa á comunicación dos cambios de domicilio e incorpórase ao texto unha disposición transitoria destinada a regular a colaboración das entidades do terceiro sector de acción social, cuxa participación é de carácter transitorio.

O capítulo III contén diversas disposicións que se desenvolven no ámbito do sistema da Seguridade Social.

A través do artigo 4, modifícase o Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego, con tres finalidades; por un lado, vincular o cesamento da obriga de cotizar ao mes en que se presenta a solicitude da prestación por cesamento de actividade cando esta vén determinada mediante resolución da Administración competente; por outro lado, modifícase o artigo 7 co obxecto de facilitar aos traballadores autónomos que tributen por estimación obxectiva a proba da caída de ingresos ao establecer unha presunción para o efecto, o que facilitará o acceso á prestación ao descargarlos da necesidade de probar a redución da actividade en determinados supostos; por último, revísase a disposición transitoria segunda para outorgar coherencia e evitar un trato desigual ante as mesmas situacións. Así, por erro, estableceuse nesta disposición que a finalización da prestación terá lugar o último día do mes seguinte ao do levantamento das medidas de contención da propagación do virus SARS-CoV-2 adoptadas polas autoridades competentes ou ata o 31 de maio de 2021 se esta última data é anterior, cando o certo é que esta prestación se debe devindicar ata o último día do mes en que se acorde o levantamento das medidas ou o 31 de maio de 2021 se esta última data é anterior, tal e como establecía o artigo 13.1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, e establece na actualidade o artigo 5.8 do Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro. Non existe xustificación ningunha para manter o pagamento dunha prestación extraordinaria vinculada ao cesamento de actividade cando desaparecen os requisitos que provocan o seu outorgamento.

Por outro lado, o artigo 5 prevé a compatibilidade da pensión de xubilación co nomeamento como persoal estatutario das profesións sanitarias, realizado ao abeiro do Real decreto 926/2020, do 25 outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Por último, o artigo 6 acorda avanzar na protección das e dos profesionais que prestan servizos sanitarios ou sociosanitarios e contraían a COVID-19 no exercicio da súa profesión durante a situación de pandemia.

O título II contén medidas no ámbito económico.

Mediante o artigo 7 amplíase ata o 30 de marzo de 2021, incluído, o prazo para solicitar moratorias no pagamento do financiamento hipotecario e non hipotecario na liña prevista no contexto da Unión Europea. Ademais, establece que poderán solicitar a aplicación de calquera moratoria ata un máximo acumulado de nove meses tanto aqueles que non solicitasen previamente a moratoria ou suspensión como aqueles que gozasen dunha ou varias moratorias ou suspensións durante un prazo total acumulado inferior a nove meses.

O artigo 8 establece un prazo de duración das moratorias tamén coherente co previsto no ámbito da Unión Europea, de forma que a duración acumulada das moratorias legais ou acollidas a acordos sectoriais concedidas despois do 30 de setembro de 2020 non poderá superar un total de nove meses.

O artigo 9 outorga ao Instituto de Crédito Oficial o dereito a obter información individualizada por empresa das cualificacións crediticias do Banco de España realizadas no exercicio das súas funcións de implementación da política monetaria, e establece a súa obrigaçión de tratar de maneira confidencial a información individual das cualificacións crediticias e de utilizar esta exclusivamente para o cumprimento das obrigaçións establecidas na normativa europea de axudas de Estado na concesión ou xestión de avais públicos.

En relación coas disposicións adicionais, a modificación do artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e da disposición adicional décimo oitava do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, e a súa inminente entrada en vigor exixen a incorporación dunha disposición que estableza a contía do complemento económico para a redución da fenda de xénero, obxectivo este que se alcanza coa disposición adicional primeira.

A disposición adicional segunda establece a acreditación da redución da facturación de determinados traballadores autónomos que percibiron a prestación de cesamento de actividade en diferentes modalidades.

Mediante a disposición adicional terceira esténdese a protección por contingencias profesionais ao persoal sanitario que presta servizos na inspección médica dos servizos públicos de saúde e do Instituto Nacional da Seguridade Social e ao persoal sanitario de sanidade marítima que preste servizos no Instituto Social da Mariña, que contraesen unha enfermidade causada polo SARS-CoV-2.

A disposición adicional cuarta recolle a posibilidade de estender o prazo para solicitar moratorias no pagamento do financiamento hipotecario e non hipotecario máis alá do 31 de marzo de 2020, cando así se estableza mediante a correspondente modificación das directrices da Autoridade Bancaria Europea. O mesmo ocorre co prazo de duración total das moratorias, que poderá ser igualmente obxecto de ampliación.

A disposición transitoria única mantén a duración das moratorias de préstamos concedidas entre o 30 de setembro de 2020 e a entrada en vigor deste real decreto lei, aínda que supere o máximo de nove meses establecido no artigo 8.

Ademais, o texto incorpora unha disposición derogatoria única pola que se acorda a derogación de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Por último, recóllense tres disposicións derradeiras relativas ao título competencial, habilitación normativa e entrada en vigor.

VII

Ante a situación que afronta o noso país pola declaración internacional de pandemia, unida á declaración dun novo estado de alarma, faise patente a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar medidas sociais e de alivio da carga financeira das e dos cidadáns.

Con respecto á modificación do artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, concorre o presuposto de extraordinaria e urxente necesidade por dúas razóns fundamentais, a primeira razón é o risco de quebra dos avances na redución da fenda de xénero. É evidente que a formulación inicial do complemento de maternidade, na interpretación efectuada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, pon en risco a consecución dunha plena igualdade entre homes e mulleres no ámbito da protección social, o cal exige unha resposta legislativa inmediata capaz de reorientar a norma cara á redución –e a eventual supresión– das desigualdades que se poñen de manifesto con ocasión do acceso ás pensións públicas. E, en segundo lugar, a adopción da norma vén motivada por razóns de seguridade xurídica, xa que resulta obrigado reconducir a norma co fin de que un instrumento concibido como medida de acción positiva en beneficio da muller siga subsistindo desprovisto da súa finalidade primixenia, o cal redonda nunha lóxica incerteza que debe finalizar (STC 11/2002). Nesta liña enmárcase a modificación da prestación de ingreso mínimo vital cuxa finalidade é axustar a norma ás necesidades postas de manifesto durante o tempo que leva aplicándose e que exige garantir a protección do sector da poboación máis desfavorecido, cuxa situación de vulnerabilidade se viu agravada como consecuencia da pandemia e cuxa demora sería inxustificable. Do mesmo xeito preséntase como unha necesidade urxente a protección dos traballadores que se ven afectados pola crise sanitaria e económica, e que obriga a adoptar medidas que garantan a acreditación da baixada de ingresos ou a protección prestacional adecuada en virtude dos riscos que asumen. No actual escenario é, ademais, urxente e necesario adoptar medidas de contido financeiro para afrontar as súas consecuencias na cidadanía, en particular, nos colectivos máis desfavorecidos e nos axentes económicos. A extensión dos efectos sociais e económicos da pandemia no momento actual sitúanos na necesidade de abordar de forma urxente un axuste dalgunhas das medidas deseñadas para aquelas persoas físicas que se encontren na situación de vulnerabilidade inicialmente prevista e, en particular, das moratorias da débeda hipotecaria e non hipotecaria previstas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, e no Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.

En consecuencia, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 xuño, FX 4; 142/2014, do 11 setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019). Os motivos de oportunidade que acaban de exporse demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 maio, FX 8; 237/2012, do 13 decembro, FX 4; 39/2013, do 14 febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 maio, FX 3; 111/1983, do 2 decembro, FX 5; 182/1997, do 20 outubro, FX 3).

Este real decreto lei responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 do outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, e é o real decreto lei o instrumento máis inmediato para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, sendo coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, aínda cando a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos leis, é tamén adecuada a este principio pois contén unha identificación clara dos seus obxectivos e das razóns que a xustifican. Por último, en relación co principio de

eficiencia, neste real decreto lei procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 8.^a, 11.^a 13.^a, 14.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación mercantil; lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan; de bases da ordenación de crédito e banca; e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e a competencia sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social; e bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2021,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Medidas no ámbito da Seguridade Social

CAPÍTULO I

Medidas para a redución da fenda de xénero

Artigo 1. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 outubro.*

Modifícase o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 60, nos seguintes termos:

«Artigo 60. *Complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero.*

1. As mulleres que tivesen un ou máis fillos ou fillas e que sexan beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación, de incapacidade permanente ou de viuvez terán dereito a un complemento por cada fillo ou filla, debido á incidencia que, con carácter xeral, ten a fenda de xénero no importe das pensións contributivas da Seguridade Social das mulleres. O dereito ao complemento por cada fillo ou filla recoñeceráselle ou manteráselle á muller sempre que non medie solicitude e recoñecemento do complemento en favor do outro proxenitor, e se estoutro é tamén muller, recoñeceráselle a aquela que perciba pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.

Para que os homes poidan ter dereito ao recoñecemento do complemento deberá concorrer algún dos seguintes requisitos:

a) Causar unha pensión de viuvez por falecemento do outro proxenitor polos fillos ou fillas en común, sempre que algún deles teña dereito a percibir unha pensión de orfandade.

b) Causar unha pensión contributiva de xubilación ou incapacidade permanente e ter interrompido ou ter visto afectada a súa carreira profesional con ocasión do nacemento ou adopción, conforme as seguintes condicións:

1.^a No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados ata o 31 de decembro de 1994, ter máis de cento vinte días sen cotización entre os nove meses anteriores ao nacemento e os tres anos posteriores á dita data ou, en caso de adopción, entre a data da resolución xudicial pola que se constituía e os tres anos seguintes, sempre que a suma das contías das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

2.^a No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados desde o 1 de xaneiro de 1995, que a suma das bases de cotización dos vinte e catro meses seguintes ao do nacemento ou ao da resolución xudicial pola que se constituía a adopción sexa inferior, en máis dun 15 por cento, á dos vinte e catro meses inmediatamente anteriores, sempre que a contía das sumas das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

3.^a Se os dous proxenitores son homes e se dan as condicións anteriores en ambos, recoñeceráselle a aquel que perciba pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.

4.^a O requisito, para causar dereito ao complemento, de que a suma das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda ao outro proxenitor exixirase no momento en que ambos os proxenitores causen dereito a unha prestación contributiva nos termos previstos na norma.

2. O recoñecemento do complemento ao segundo proxenitor suporá a extinción do complemento xa recoñecido ao primeiro proxenitor e producirá efectos económicos o primeiro día do mes seguinte ao da resolución, sempre que esta se dite dentro dos seis meses seguintes á solicitude ou, de ser o caso, ao recoñecemento da pensión que a cause; pasado este prazo, os efectos produciranse desde o primeiro día do sétimo mes.

Antes de ditar a resolución en que se recoñece o dereito ao segundo proxenitor darase audiencia a quen viñese percibindo o complemento.

3. Este complemento terá para todos os efectos natureza xurídica de pensión pública contributiva.

O importe do complemento por fillo ou filla fixarase na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado. A contía que se vai percibir estará limitada a catro veces o importe mensual fixado por fillo ou filla e será incrementada ao comezo de cada ano na mesma porcentaxe prevista na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para as pensións contributivas.

A percepción do complemento estará suxeita, ademais, ás seguintes regras:

a) Cada fillo ou filla dará dereito unicamente ao recoñecemento dun complemento.

Para os efectos de determinar o dereito ao complemento, así como a súa contía, unicamente se computarán os fillos ou fillas que con anterioridade ao feito causante da pensión correspondente nacesen con vida ou fosen adoptados.

b) Non se recoñecerá o dereito ao complemento ao pai ou á nai que fose privado da patria potestade por sentenza fundada no incumprimento dos deberes inherentes a ela ou ditada en causa criminal ou matrimonial.

Tampouco se recoñecerá o dereito ao complemento ao pai que fose condenado por violencia contra a muller, nos termos que defina a lei ou os instrumentos

internacionais ratificados por España, exercida sobre a nai, nin ao pai ou á nai que fose condenado ou condenada por exercer violencia contra os fillos ou fillas.

c) O complemento será satisfeito en catorce pagas, xunto coa pensión que determine o dereito a el.

d) O importe do complemento non se terá en conta na aplicación do límite máximo de pensións previsto nos artigos 57 e 58.7.

e) O importe deste complemento non terá a consideración de ingreso ou rendemento de traballo para determinar se concorren os requisitos para ter dereito ao complemento por mínimos previsto no artigo 59. Cando concorran os ditos requisitos, recoñecerase a contía mínima de pensión segundo estableza anualmente a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado. A este importe sumarase o complemento para a redución da fenda de xénero.

f) Cando a pensión contributiva que determina o dereito ao complemento se cause por totalización de períodos de seguro a *pro rata temporis*, en aplicación de normativa internacional, o importe real do complemento será o resultado de aplicar á contía a que se refire a alínea anterior, que será considerada importe teórico, a pro rata aplicada á pensión á cal acompaña.

4. Non se terá dereito a este complemento nos casos de xubilación parcial a que se refiren o artigo 215 e o ordinal sexto da disposición transitoria cuarta.

Non obstante, recoñecerase o complemento que proceda cando desde a xubilación parcial se acceda á xubilación plena, unha vez que se teña a idade que en cada caso corresponda.

5. Sen prexuízo do disposto no número 2, o complemento aboarase en canto a persoa beneficiaria perciba unha das pensións citadas no número 1. En consecuencia, o seu nacemento, suspensión e extinción coincidirá co da pensión que determinase o seu recoñecemento. Non obstante, cando no momento da suspensión ou extinción da dita pensión a persoa beneficiaria tivese dereito a percibir outra distinta, de entre as previstas no número 1, o aboamento do complemento manterase e quedará vinculado ao desta última.

6. Os complementos que puidesen ser recoñecidos en calquera dos réximes da Seguridade Social serán incompatibles entre si, e serán aboados no réxime en que o causante da pensión teña máis períodos de alta.»

Dous. Engádese unha disposición adicional trixésimo sexta nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo sexta. *Financiamento do complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero.*

O financiamento do complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero do artigo 60 realizarase mediante unha transferencia do Estado ao orzamento da Seguridade Social.»

Tres. Engádese unha disposición adicional trixésimo sétima nova, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo sétima. *Alcance temporal do complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero.*

1. O dereito ao recoñecemento do complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero previsto no artigo 60 manterase en canto a fenda de xénero das pensións de xubilación, causadas no ano anterior, sexa superior ao 5 por cento.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por fenda de xénero das pensións de xubilación a porcentaxe que representa a diferenza entre o importe medio das pensións de xubilación contributiva causadas nun ano polos homes e polas mulleres.

3. Co obxectivo de garantir a adecuación da medida de corrección introducida para a redución da fenda de xénero en pensións o Goberno de España, no marco do diálogo social, deberá realizar unha avaliación periódica, cada cinco anos, dos seus efectos.

4. Unha vez que a fenda de xénero dun ano sexa inferior ao 5 por cento, o Goberno remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de lei para derrogar o artigo 60, logo de consulta cos interlocutores sociais.»

Catro. Engádesse unha nova disposición transitoria trixésimo terceira, co seguinte teor literal:

«Disposición transitoria trixésimo terceira. *Mantemento transitorio do complemento por maternidade nas pensións contributivas do sistema da Seguridade Social.*

Aqueles que na data de entrada en vigor da modificación prevista no artigo 60 estivesen percibindo o complemento por maternidade por achega demográfica manterán a súa percepción.

A percepción do dito complemento de maternidade será incompatible co complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero que puidese corresponder polo recoñecemento dunha nova pensión pública e as persoas interesadas poderán optar entre un ou outro.

No caso de que o outro proxenitor dalgún dos fillos ou fillas que deu dereito ao complemento de maternidade por achega demográfica solicite o complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero e lle corresponda percibilo, por aplicación do establecido no artigo 60 desta lei ou da disposición adicional décimo oitava do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, a contía mensual que lle sexa recoñecida deducirase do complemento por maternidade que se viñese percibindo, con efectos económicos desde o primeiro día do mes seguinte ao da resolución, sempre que esta se dite dentro dos seis meses seguintes á solicitude ou, de ser o caso, ao recoñecemento da pensión que a cause; pasado o dito prazo, os efectos produciranse desde o primeiro día do sétimo mes seguinte a esta.»

Artigo 2. *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 abril.*

Modifícase o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 abril, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción á disposición adicional décimo oitava, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo oitava. *Complemento para a redución da fenda de xénero.*

1. As mulleres que tivesen un ou máis fillos ou fillas e que sexan beneficiarias dunha pensión de xubilación ou retiro de carácter forzoso ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade ou viuvez no réxime de clases pasivas terán dereito a un complemento por cada fillo ou filla, debido á incidencia que, con carácter xeral, ten a fenda de xénero no importe das pensións das mulleres. O dereito ao complemento económico por cada fillo ou filla recoñeceráselle ou manteráselle á muller sempre que non medie solicitude e recoñecemento do complemento en favor do outro proxenitor, e se estoutro é tamén muller, recoñecerase a aquela que perciba pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.

Para que os homes poidan ter dereito ao recoñecemento do complemento deberá concorrer algún dos seguintes requisitos:

a) Causar unha pensión de viuvez por falecemento do outro proxenitor polos fillos ou fillas en común, sempre que algún deles teña dereito a percibir unha pensión de orfandade.

b) Causar unha pensión de xubilación ou retiro de carácter forzoso ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade e ter interrompido ou ter visto afectada a súa carreira profesional con ocasión do nacemento ou adopción, segundo os seguintes requisitos:

1.º No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados ata o 31 de decembro de 1994, ter máis de cento vinte días sen servizos efectivos ao Estado, de acordo co previsto no artigo 32 deste texto refundido, entre os nove meses anteriores ao nacemento e os tres anos posteriores á dita data ou, en caso de adopción, entre a data da resolución xudicial pola que se constituía e os tres anos seguintes, sempre que a suma das contías das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

2.º No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados desde o 1 de xaneiro de 1995, que o funcionario cesase no servizo activo ou tivese unha redución de xornada nos vinte e catro meses seguintes ao do nacemento ou ao da resolución xudicial pola que se constituía a adopción, en máis dun 15 por cento, respecto á dos vinte e catro meses inmediatamente anteriores, sempre que a suma das contías das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

3.º Se os dous proxenitores son homes e se dan as condicións anteriores en ambos, recoñeceráselle a aquel que perciba pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.

4.º O requisito, para causar dereito ao complemento, de que a suma das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda ao outro proxenitor exixirase no momento en que ambos os proxenitores causen dereito a unha prestación contributiva nos termos previstos na norma.

2. O recoñecemento do complemento ao segundo proxenitor suporá a extinción do complemento xa recoñecido ao primeiro proxenitor e producirá efectos económicos o primeiro día do mes seguinte ao da resolución, sempre que esta se dite dentro dos seis meses seguintes á solicitude ou, de ser o caso, ao recoñecemento da pensión que a cause; pasado este prazo, os efectos produciranse desde o primeiro día do sétimo mes.

Antes de ditar a resolución en que se recoñece o dereito ao segundo proxenitor darase audiencia ao que viñese percibindo o complemento.

3. O importe do complemento por fillo ou filla fixarase na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado. A contía que se vai percibir estará limitada a catro veces o importe mensual fixado por fillo ou filla e será incrementada ao comezo de cada ano na mesma porcentaxe prevista na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para as pensións contributivas.

A percepción do complemento estará suxeita, ademais, ás seguintes regras:

a) Cada fillo ou filla dará dereito unicamente ao recoñecemento dun complemento económico.

Para os efectos de determinar o dereito ao complemento, así como a súa contía, unicamente se computarán os fillos ou fillas que con anterioridade ao feito causante da pensión correspondente nacesen con vida ou fosen adoptados.

b) Non se recoñecerá o dereito ao complemento económico ao pai ou á nai que fose privado da patria potestade por sentenza fundada no incumprimento dos deberes inherentes a ela ou ditada en causa criminal ou matrimonial.

Tampouco se recoñecerá o dereito ao complemento ao pai que fose condenado por violencia contra a muller, nos termos que defina a lei ou os instrumentos internacionais ratificados por España, exercida sobre a nai, nin ao pai ou á nai que fose condenado ou condenada por exercer violencia contra os fillos ou fillas.

c) O complemento será satisfeito en catorce pagas, xunto coa pensión que determine o dereito a el.

d) O importe do complemento non se terá en conta na aplicación do límite máximo de pensións previsto no artigo 27.3.

e) O importe deste complemento non terá a consideración de ingreso ou rendemento de traballo para determinar se concorren os requisitos para ter dereito ao complemento por mínimos previsto no artigo 27.2. Cando concorran os ditos requisitos, recoñecerase a contía mínima de pensión segundo estableza anualmente a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado. A este importe sumarase o complemento para a redución da fenda de xénero.

f) Cando a pensión que determina o dereito ao complemento se cause por totalización de períodos de seguro a *pro rata temporis*, en aplicación de normativa internacional, o importe real do complemento será o resultado de aplicar á contía a que se refire a alínea anterior, que será considerada importe teórico, a *pro rata* aplicada á pensión á cal acompaña.

4. Sen prexuízo do disposto no número 2, o complemento aboarase en canto a persoa beneficiaria perciba unha das pensións citadas no número 1. En consecuencia, o seu nacemento, suspensión e extinción coincidirán co da pensión que determinase o seu recoñecemento. Non obstante, cando no momento da suspensión ou extinción da dita pensión a persoa beneficiaria tivese dereito a percibir outra distinta, de entre as previstas no número 1, o aboamento do complemento manterase e quedará vinculado ao desta última.

5. Os complementos que puidesen ser recoñecidos en calquera dos réximes da Seguridade Social serán incompatibles entre si, e serán aboados no réxime en que o causante da pensión teña máis períodos de alta.

6. O dereito ao recoñecemento do complemento para a redución da fenda de xénero manterase en canto se manteña a fenda de xénero das pensións de xubilación nos termos previstos na disposición adicional trixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria décimo cuarta nova, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo cuarta. *Mantemento transitorio do complemento por maternidade nas pensións de clases pasivas.*

Aqueles que, na data de entrada en vigor do complemento para a redución da fenda de xénero prevista na disposición adicional décimo oitava, estivesen percibindo o complemento por maternidade manterán a súa percepción.

A percepción do dito complemento de maternidade será incompatible co complemento para a redución da fenda de xénero que puidese corresponder polo recoñecemento dunha nova pensión pública e as persoas interesadas poderán optar entre un ou outro.

No caso de que o outro proxenitor dalgún dos fillos ou fillas que deu dereito ao complemento de maternidade por achega demográfica solicite o complemento para a redución da fenda de xénero e lle corresponda, por aplicación do establecido na disposición adicional décimo oitava desta norma ou por aplicación do disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, a contía mensual que lle sexa recoñecida deducirase do complemento por maternidade que se viñese percibindo, con efectos

económicos desde o primeiro día do mes seguinte ao da resolución, sempre que esta se dite dentro dos seis meses seguintes á solicitude ou, de ser o caso, ao recoñecemento da pensión que a cause; pasado o dito prazo, os efectos produciranse desde o primeiro día do sétimo mes seguinte a esta.»

CAPÍTULO II

Medidas en materia de ingreso mínimo vital

Artigo 3. *Modificación do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.*

Modifícase o Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 4, coa seguinte redacción:

«Artigo 4. *Persoas beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias do ingreso mínimo vital:

a) As persoas integrantes dunha unidade de convivencia nos termos establecidos neste real decreto lei.

b) As persoas de polo menos 23 anos que non sexan beneficiarias de pensión contributiva por xubilación ou incapacidade permanente, nin de pensión non contributiva por invalidez ou xubilación, que non se integren nunha unidade de convivencia nos termos establecidos neste real decreto lei, sempre que non estean unidas a outra por vínculo matrimonial ou como parella de feito, salvo aquelas que iniciasen os trámites de separación ou divorcio ou que se encontren noutras circunstancias que poidan determinarse regulamentariamente.

Non se exixirá o cumprimento do requisito de idade nin o de ter iniciado os trámites de separación ou divorcio nos supostos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata de seres humanos e explotación sexual.

2. Poderán ser beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital as persoas que temporalmente sexan usuarias dunha prestación de servizo residencial, de carácter social, sanitario ou sociosanitario.

A prestación de servizo residencial prevista no parágrafo anterior poderá ser permanente no suposto de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual, así como outras excepcións que se establezan regulamentariamente.

3. As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos de acceso á prestación establecidos no artigo 7, así como as obrigacións para o mantemento do dereito establecidas no artigo 33.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 5.1 e suprímese o número 5:

«1. Son titulares desta prestación as persoas con capacidade xurídica que a soliciten e a perciban, en nome propio ou en nome dunha unidade de convivencia. Neste último caso, a persoa titular asumirá a representación da citada unidade.

A solicitude deberá ir asinada, de ser o caso, por todos os integrantes da unidade de convivencia maiores de idade que non se encontren incapacitados xudicialmente. As persoas que teñan establecidas xudicialmente medidas de apoio para a toma de decisións actuarán segundo o disposto nestas medidas.»

Tres. Engádese un parágrafo último ao artigo 6.1 e suprímense os números 2, 3, 6 e 7, e os actuais números 4 e 5 pasan a ser os números 2 e 3. A redacción do último parágrafo do número 1 é a seguinte:

«1. [...]

Cando, en aplicación das correspondentes instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal, as persoas figuren empadroadas en establecementos colectivos, ou por careceren de teito e residiren habitualmente nun municipio figuren empadroadas nun domicilio ficticio, será de aplicación o establecido no artigo 6 ter.»

Catro. Engádese un novo artigo 6 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 bis. *Situacións especiais.*

1. Terán a consideración de persoas beneficiarias que non se integran nunha unidade de convivencia ou, de ser o caso, de persoas beneficiarias integradas nunha unidade de convivencia independente aquelas persoas que convivan no mesmo domicilio con outras coas cales mantivesen algún dos vínculos previstos no artigo 6.1 e se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Cando unha muller, vítima de violencia de xénero, abandonase o seu domicilio familiar habitual acompañada ou non dos seus fillos ou de menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

b) Cando, con motivo do inicio dos trámites de separación, nulidade ou divorcio, ou de ter instado a disolución da parella de feito formalmente constituída, unha persoa abandonase o seu domicilio familiar habitual acompañada ou non dos seus fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente. No suposto de parellas de feito non formalizadas que cesasen a convivencia, a persoa que solicite a prestación deberá acreditar, de ser o caso, o inicio dos trámites para a atribución da garda e custodia dos menores.

c) Cando se acredite ter abandonado o domicilio por desafuzamento, ou por ter quedado este inhabitable por causa de accidente ou de forza maior, así como por outros supostos que se establezan regulamentariamente.

Nos supostos previstos nas alíneas b) e c) unicamente caberá a consideración como unidade independente a que se refire o presente punto durante os tres anos seguintes á data en que se producisen os feitos indicados en cada unha delas.»

Cinco. Incorpórase un novo artigo 6 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 ter. *Consideración do domicilio en supostos especiais.*

1. Nos supostos previstos no parágrafo cuarto do artigo 6.1, a unidade de convivencia estará constituída polas persoas unidas entre si por vínculo matrimonial, como parella de feito e, de ser o caso, cos seus descendentes menores de idade ata o primeiro grao de consanguinidade, afinidade, adopción ou en virtude de réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción. Os descendentes citados poderán ser ata o segundo grao se non estivesen empadroados cos seus ascendentes de primeiro grao.

2. Se en virtude dun contrato queda acreditado o uso individualizado, por unha persoa soa ou por unha unidade de convivencia, dun cuarto nun establecemento hostaleiro ou similar, será considerado domicilio para os efectos previstos nesta norma.

3. Cando, mediante título xurídico, se acredite o uso exclusivo dunha determinada zona do domicilio por unha persoa soa ou por unha unidade de convivencia das previstas no artigo 6, a dita zona de uso exclusivo será considerada domicilio para os efectos previstos neste real decreto lei.»

Seis. Incorpórase un novo artigo 6 quater, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 quater. *Conviventes sen vínculo de parentesco.*

Cando convivan no mesmo domicilio persoas entre as que non concorran os vínculos previstos no artigo 6, poderán ser titulares do ingreso mínimo vital aquela ou aquelas que se encontren en risco de exclusión de conformidade co previsto no artigo 19.10.»

Sete. Introdúcese unha nova alínea d) no artigo 14.1 e pasan as actuais alíneas d) e e) a ser as alíneas e) e f).

«d) Cautelamente, no caso de que no prazo previsto non se recibise comunicación sobre o mantemento ou variación dos informes previstos no artigo 19 bis.»

Oito. Incorpóranse dous novos números 9 e 10 ao artigo 19, coa seguinte redacción:

«9. Requirirase un certificado expedido polos servizos sociais competentes cando sexa necesario para acreditar os seguintes requisitos:

a) Para os efectos do previsto no artigo 7.1.a), a residencia efectiva en España das persoas que na data da solicitude se encontren empadroadas nun domicilio ficticio en aplicación das correspondentes instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal.

b) O carácter temporal da prestación de servizo residencial, de carácter social, sanitario ou sociosanitario, de que sexa usuario o solicitante da prestación de ingreso mínimo vital.

c) O domicilio real da persoa que alegase non vivir naquel que consta no empadramento.

d) A inexistencia dos vínculos previstos no artigo 6.1, cando no mesmo domicilio, ademais dos solicitantes do ingreso mínimo vital unidos polos ditos vínculos, se encontren empadroadas outras persoas coas cales se alegue non ter lazos de parentesco, de consanguinidade ou de afinidade, nin ter constituído unha parella de feito.

e) A inexistencia dos vínculos previstos no artigo 6.1, entre todos ou parte dos conviventes, cando un deles solicite o ingreso mínimo vital ao abeiro do disposto no artigo 6 quater.

f) O cumprimento dos requisitos establecidos nos números 2 e 3 do artigo 7 relativos, respectivamente, á acreditación de ter vivido de forma independente en España e á acreditación de formar parte dunha unidade de convivencia durante polo menos o ano anterior á presentación da solicitude.

10. En todo caso, requirirase certificado expedido polos servizos sociais competentes para acreditar o risco de exclusión social nos supostos do artigo 6 quater.»

Nove. Incorpórase un novo artigo 19 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 19. bis. *Obrigación de comunicar á entidade xestora da prestación.*

Con carácter anual, os servizos sociais comunicaranlle á entidade xestora o mantemento ou modificación dos informes previstos nas alíneas d) e e) do artigo 19.9, así como do informe de exclusión social establecido no artigo 19.10.»

Dez. Modifícase o artigo 25.3, coa seguinte redacción:

«3. O Instituto Nacional da Seguridade Social ditará e notificaralle a resolución á persoa solicitante no prazo máximo de seis meses desde a data de entrada da solicitude no seu rexistro.

Transcorrido o dito prazo sen que se notifique resolución expresa, entenderase desestimada.

No suposto de persoas sen domicilio empadroadas ao abeiro do previsto nas correspondentes instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal, as notificacións serán efectuadas nos servizos sociais do municipio ou, de ser o caso, na sede ou no centro da entidade en que as persoas interesadas figuren empadroadas.»

Once. Modifícase o artigo 30.2, coa seguinte redacción:

«2. A Comisión de Seguimento estará presidida polo ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e estará integrada polo secretario de Estado da Seguridade Social e Pensiões, a Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, a Subsecretaría de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, o secretario de Estado de Dereitos Sociais do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero ou o órgano directivo en quen delegue, así como outros representantes da Administración xeral do Estado con relación ao ingreso mínimo vital que se establezan regulamentariamente, ademais dos titulares das consellerías das comunidades autónomas competentes por razón da materia e representantes da Administración local. Cando, por razón dos asuntos que se van tratar, non sexa precisa a presenza de representantes das comunidades autónomas ou da Administración local, a Comisión poderase constituír sen aqueles por pedimento do seu secretario, e nestes casos será preciso que sexan informados previamente os representantes das ditas administracións e se comunique o contido da orde do día.»

Doce. Modifícase o artigo 31.2, coa seguinte redacción:

«2. O Consello Consultivo estará presidido polo ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e nel participarán a Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, un membro con rango de director xeral que designe o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a directora do Instituto da Muller, así como outros representantes da Administración xeral do Estado con relación ao ingreso mínimo vital que se establezan regulamentariamente, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, e as entidades do terceiro sector de acción social con maior cobertura no territorio español.»

Trece. Incorpórase un novo artigo 33 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 33 bis. *Obrigación do concello de comunicar os cambios no padrón.*

No suposto de persoas sen domicilio empadroadas ao abeiro do previsto nas correspondentes instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal, o concello en cuxo municipio se encontren empadroadas está obrigado a comunicar ao Instituto Nacional da Seguridade Social a modificación ou, de ser o caso, baixa no padrón, dentro do prazo dos trinta días seguintes a que se produza.»

Catorce. Incorporárase ao texto unha disposición transitoria oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Colaboración das entidades do terceiro sector de acción social na xestión da prestación do ingreso mínimo vital.*

1. De forma excepcional, durante os cinco anos seguintes á entrada en vigor do presente real decreto lei, as entidades do terceiro sector de acción social, debidamente inscritas no rexistro que para tal efecto se crea, poderán emitir certificado para a acreditación das circunstancias previstas no artigo 19.9 e 10.

Os certificados expedidos polos mediadores sociais do ingreso mínimo vital deberán ser asinados por unha ou por un traballador social pertencente á entidade, debidamente colexiado. No dito certificado farase constar o seu número de colexiado.

Con carácter anual, os mediadores sociais do ingreso mínimo vital comunicarán á entidade xestora o mantemento ou modificación dos informes previstos nas alíneas d) e e) do artigo 19.9, así como do informe de exclusión social establecido no artigo 19.10. Esta falta de comunicación, no prazo establecido, dará lugar á suspensión do aboamento da prestación.

A entidade xestora, nos termos previstos no artigo 20.4, poderá comunicar aos mediadores sociais do ingreso mínimo vital as resolucións das prestacións do ingreso mínimo vital para a realización daquelas actividades que teñan encomendadas, no marco da colaboración e cooperación que na xestión e control do ingreso mínimo vital corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

As entidades do terceiro sector de acción social, no suposto de persoas empadroadas, ao abeiro do previsto nas correspondentes instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal, nas súas sedes ou centros, están obrigadas a comunicar ao Instituto Nacional da Seguridade Social calquera modificación que afecte a xestión e o control da prestación dentro do prazo dos trinta días seguintes a que se produza.

2. Para os efectos do previsto neste real decreto lei, son mediadores sociais do ingreso mínimo vital as entidades do terceiro sector de acción social, conforme a definición prevista no artigo 2 da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social, debidamente inscritas no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital.

Para tal fin, créase o Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital como rexistro público, de titularidade do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, que será xestionado pola Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social.

3. Poderán inscribirse no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital todas as entidades do terceiro sector de acción social que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituída e inscrita no rexistro correspondente en función da súa natureza xurídica cunha anterioridade de, polo menos, tres anos á solicitude de inscrición no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital.

b) Carecer de fins de lucro, conforme o establecido nos seus estatutos.

c) Ser organización de carácter estatal, conforme o establecido nos seus estatutos.

d) Ter fins institucionais adecuados para a realización das actividades consideradas, conforme o establecido nos seus estatutos.

e) Desenvolver actividades sociais de interese xeral, conforme o establecido nos seus estatutos.

f) Encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social.

g) Non ter sido condenados, tanto a propia entidade como calquera dos seus representantes legais, mediante sentenza firme por delitos relacionados co exercicio da súa actividade.

h) Dispor da estrutura, capacidade administrativa e técnica suficiente para garantir o cumprimento dos seus fins. Este requisito acreditarase mediante certificado xustificativo da entidade solicitante.

i) Acreditar a disposición de puntos de atención directos ás persoas en todas as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

j) Presentar as auditorías contables dos tres últimos exercicios económicos da entidade.

k) Acreditar experiencia de, polo menos, tres anos no acompañamento e asistencia a persoas en risco de exclusión social. Este requisito formalizarase mediante a presentación de certificado acreditativo da entidade solicitante.

l) Non ter sido sancionada no prazo de tres anos contados ata a presentación da solicitude da inscrición por calquera das infraccións previstas no presente real decreto lei.

4. Procedemento de inscrición no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital:

a) A inscrición no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital realizarase mediante a resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, logo de solicitude da entidade interesada.

b) Se a solicitude de iniciación non reúne a acreditación de todos os requisitos establecidos no presente real decreto lei ou calquera outro requirido que lle sexa de aplicación, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se lle terá por desistida da súa petición.

c) Admitida a trámite a solicitude, iniciarase a instrución do procedemento administrativo para comprobar o cumprimento dos requisitos determinantes para a inscrición no rexistro.

d) A persoa titular da Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social ditará e notificará a resolución á entidade solicitante no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada da solicitude no seu rexistro.

Transcorrido o dito prazo sen que se notifique resolución expresa, entenderase desestimada.

e) A inscrición no Rexistro de Mediadores Sociais terá validez anual e poderá ser obxecto de prórroga. A dita prórroga será automática, salvo que se comunique a baixa no rexistro e deberase acreditar o mantemento dos requisitos nos tres primeiros meses da prórroga; transcorrido o dito prazo sen presentación da documentación que acredite o mantemento dos requisitos, tramitarase a baixa de oficio.

f) As entidades inscritas no rexistro deberán remitir información periódica acreditativa das actuacións de certificación que estean levando a cabo conforme o que se estableza na orde ministerial de desenvolvemento a que se refire a presente disposición.

g) Poderá acordarse a suspensión temporal da inscrición ou a baixa no rexistro cando se estea tramitando un expediente sancionador ou cando fose sancionado por unha falta moi grave.

5. Réxime sancionador dos mediadores sociais do ingreso mínimo vital.

Sen prexuízo do establecido no capítulo VIII:

a) Son infraccións leves:

A ausencia de remisión da información requirida no presente real decreto lei no prazo de quince días desde que existise a obrigaón do seu envío.

b) Son infraccións moi graves:

1.º O falseamento de calquera das condicións ou requisitos para a inscrición, por parte da entidade correspondente, no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital.

2.º O incumprimento, por parte das entidades inscritas no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital, reiterado en tres ocasións no prazo dun ano, da obrigaón de remisión de información prevista no presente real decreto lei.

c) A infracción leve establecida nesta disposición será sancionada co apercibimento.

d) As infraccións moi graves, establecidas nesta disposición, cometidas por unha entidade inscrita no Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital darán lugar á baixa da súa inscrición no rexistro, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procederen.»

CAPÍTULO III

Outras medidas de seguridade social

Artigo 4. *Modificación do Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego.*

Un. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 5.9, que queda redactado da seguinte maneira:

«No caso de que a solicitude se presente fóra do prazo establecido, o dereito á prestación iniciárase o día da solicitude. Nestes casos, o traballador ou traballadora quedará exento da obrigaón de cotizar desde o primeiro día do mes en que se solicitase a prestación.»

Dous. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 7.5.2.º, coa seguinte redacción:

«Non obstante, e para os efectos de acreditación da redución dos ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia de máis do 50 % dos habidos no segundo semestre de 2019, entenderase que as e os traballadores autónomos que tributen por estimación obxectiva experimentaron esa redución sempre que o número medio diario das persoas traballadoras afiliadas e en alta no sistema da Seguridade Social na actividade económica correspondente, expresada a 4 díxitos (CNAE), durante o período a que corresponda a prestación, sexa inferior en máis dun 7,5 por cento ao número medio diario correspondente ao segundo semestre de 2019.»

Tres. Modifícase a disposición transitoria segunda, que queda redactada co seguinte contido:

«Os traballadores autónomos que en 31 de xaneiro de 2021 viñesen percibindo a prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores

autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade, como consecuencia de resolución da autoridade competente, como medida de contención da propagación do virus COVID-19 prevista no artigo 13.1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, poderán continuar percibíndoa cos mesmos requisitos e condicións durante o tempo que permaneza a actividade suspendida e ata o último día do mes en que se acorde o levantamento das medidas ou o 31 de maio de 2021, se esta última data é anterior.»

Artigo 5. *Compatibilidade da pensión de xubilación co nomeamento como persoal estatutario das e dos profesionais sanitarios, realizado ao abeiro do Real decreto 926/2020, do 25 outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.*

1. Os profesionais sanitarios xubilados médicos/as e enfermeiros/as e o persoal emérito que a autoridade competente da comunidade autónoma reincorpore ao servizo activo, ou o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla ou o Ministerio de Defensa na Rede Hospitalaria da Defensa, a través do nomeamento estatutario correspondente, terán dereito a percibir o importe da pensión de xubilación que estivesen percibindo ao tempo da incorporación ao traballo, en calquera das súas modalidades, incluído, sempre que reúnan os requisitos establecidos para iso, o complemento por mínimos.

2. A persoa beneficiaria terá a consideración de pensionista para todos os efectos.

3. Durante a realización deste traballo por conta allea compatible coa pensión de xubilación, as comunidades autónomas ou, de ser o caso, o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e as persoas traballadoras están suxeitas á obrigación de afiliación, alta, baixa e variación de datos prevista no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e á obrigación de cotizar nos termos dos artigos 18 e 19 do mesmo texto legal, e non será de aplicación o disposto no seu artigo 153.

4. Durante a realización deste traballo estarán protexidos fronte a todas as contingencias comúns e profesionais, sempre que reúnan os requisitos necesarios para causalas, e será de aplicación o réxime de limitación das pensións, incompatibilidades e o exercicio do dereito de opción, previstos no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

5. O dereito ao subsidio por incapacidade temporal que se cause durante esta situación extinguirase pola finalización do traballo por conta allea, ademais de polas causas xerais previstas na normativa vixente.

6. Unha vez finalizado o traballo por conta allea, as cotizacións realizadas durante esta situación poderán dar lugar á modificación da porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de xubilación, a cal permanecerá inalterable. Estas cotizacións non producirán efecto en relación coas porcentaxes adicionais previstas no artigo 210.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na disposición adicional décimo sétima do texto refundido de Lei de clases pasivas do Estado.

Así mesmo, as cotizacións indicadas producirán efectos exclusivamente para determinar a porcentaxe aplicable ás xubilacións anticipadas xa causadas, mantendo a mesma base reguladora.

Artigo 6. *Prestacións causadas polas e polos profesionais de centros sanitarios e sociosanitarios que durante a prestación de servizos sanitarios ou sociosanitarios contraeron o virus SARS-CoV-2 no exercicio da súa profesión.*

1. O persoal que preste servizos en centros sanitarios e sociosanitarios inscritos nos rexistros correspondentes que, no exercicio da súa profesión, durante a prestación de servizos sanitarios ou sociosanitarios, contraese o virus SARS-CoV-2, dentro do período comprendido desde a declaración da pandemia internacional pola Organización Mundial da Saúde ata o levantamento polas autoridades sanitarias de todas as medidas de prevención adoptadas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo mencionado

virus SARS-CoV-2, terá as mesmas prestacións que o sistema da Seguridade Social lles outorga ás persoas que se ven afectadas por unha enfermidade profesional.

2. Os servizos de prevención de riscos laborais deberán emitir o correspondente informe onde se faga constar que no exercicio da súa profesión estivo exposto ao virus SARS-CoV-2 pola prestación de servizos sanitarios ou sociosanitarios.

3. Unha vez acreditado o contaxio do virus no ámbito temporal establecido no número 1, e achegado o informe previsto no número 2, presumirase, en todo caso, que o contaxio se produciu no exercicio da súa profesión na prestación de servizos sanitarios ou sociosanitarios.

4. A entidade responsable das ditas prestacións será aquela que cubrise as contingencias profesionais no momento de producirse a baixa médica por contaxio da enfermidade.

TÍTULO II

Medidas no ámbito económico

Artigo 7. Extensión do prazo de solicitude e de duración de moratorias e suspensións.

Ata 30 de marzo de 2021, inclusive, poderán solicitar a moratoria ou suspensión no pagamento das cotas do financiamento dos seguintes debedores comprendidos no ámbito de aplicación das normas sinaladas no artigo 8.1, durante un prazo máximo de nove meses:

- a) aqueles que non solicitasen previamente a moratoria ou suspensión, ou
- b) aqueles que gozasen dunha ou varias moratorias ou suspensións durante un prazo total acumulado inferior a nove meses por cada financiamento.

Artigo 8. Duración total das moratorias e suspensións.

1. A duración acumulada das moratorias e suspensións legais ou acollidas a acordos sectoriais concedidas desde o 30 de setembro de 2020 non poderá superar un total de nove meses.

Para os efectos previstos neste punto, enténdese por moratorias e suspensións legais as concedidas ao abeiro das seguintes disposicións:

- a) Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19;
- b) Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19;
- c) Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego;
- d) Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.

Para os efectos do previsto neste punto, enténdese por moratorias acollidas a un acordo sectorial as reguladas polos artigos 6 a 8 do Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e seguridade social e tributarias para paliar os efectos da COVID-19.

2. A información sobre moratorias e suspensións establecida no artigo 16 bis do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; no artigo 27 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo; no artigo 9 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo; no artigo 23 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, e no artigo 6.3 do Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, será remitida polas entidades prestamistas supervisadas polo Banco de España, na forma e prazo que este estableza.

Artigo 9. Acceso do Instituto de Crédito Oficial a cualificacións crediticias asignadas polo Banco de España.

O Instituto de Crédito Oficial, co obxecto de cumprir coas obrigacións establecidas pola normativa europea relativa a axudas de Estado, na concesión ou xestión de avais públicos, terá dereito a obter, cando así o solicite, información individualizada por empresa das cualificacións crediticias do Banco de España realizadas no exercicio das súas funcións de implementación da política monetaria, exceptuando o suposto da obrigación de segredo regulada no artigo 82 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito. O Instituto de Crédito Oficial estará obrigado a tratar de maneira confidencial a información individual das cualificacións crediticias e poderá utilizar esta exclusivamente para o cumprimento das obrigacións establecidas na normativa europea de axudas de Estado na concesión ou xestión de avais públicos.

Disposición adicional primeira. Determinación e aplicación do importe mensual do complemento de pensións contributivas para a redución da fenda de xénero previsto no artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e na disposición adicional décimo oitava do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 abril.

O importe do complemento previsto no artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e na disposición adicional décimo oitava do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, será para o ano 2021 de 27 euros mensuais.

O complemento para a redución da fenda de xénero introducida no artigo 60 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na disposición adicional décimo oitava do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado recoñeceráselles ás pensións causadas a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición adicional segunda. Acreditación da redución da facturación polos traballadores autónomos que tributan por estimación obxectiva e percibiron as prestacións por cesamento de actividade previstas nos reais decretos leis 8/2020, do 17 de marzo; 24/2020, do 26 xuño, e 30/2020, do 29 setembro.

Para os efectos de acreditación do requisito de redución da facturación a que se refiren o artigo 17 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; o artigo 9 do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, e a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, entenderase que os traballadores autónomos que tributen por estimación obxectiva experimentaron esa redución sempre que o número medio diario de traballadores afiliados en alta no sistema da Seguridade Social na actividade económica correspondente, expresada a catro díxitos (CNAE), durante o período a que corresponda a prestación, sexa inferior en máis dun 7,5 por cento ao número medio diario correspondente ao segundo semestre de 2019.

Disposición adicional terceira. Extensión da protección por continxencias profesionais ao persoal sanitario da inspección médica dos servizos públicos de saúde e do Instituto Nacional da Seguridade Social e ao persoal sanitario de sanidade marítima que preste servizos no Instituto Social da Mariña.

O persoal sanitario da inspección médica dos servizos públicos de saúde e da inspección médica do Instituto Nacional da Seguridade Social e o persoal sanitario de sanidade marítima que preste servizos no Instituto Social da Mariña que contraesen, dentro do período comprendido desde a declaración da pandemia internacional pola Organización Mundial da Saúde e ata o levantamento polas autoridades sanitarias de todas as medidas de prevención adoptadas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo virus SARS-CoV-2, unha enfermidade causada polo citado virus terán a mesma

protección que a Seguridade Social lle outorga ao persoal sanitario e sociosanitario que presta servizos en centros sanitarios e sociosanitarios.

Para iso, os servizos de prevención de riscos laborais deberán emitir o correspondente informe onde se faga constar que no exercicio da súa profesión prestou atención a enfermos contaxiados polo virus SARS-CoV-2.

Unha vez acreditado o contaxio do virus no ámbito temporal establecido no parágrafo primeiro, e achegado o informe previsto no parágrafo segundo, presumirase, en todo caso, que o contaxio se produciu no exercicio da súa profesión. A entidade responsable das ditas prestacións será aquela que cubrixe as continxencias profesionais no momento de producirse a baixa médica por contaxio da enfermidade.

Disposición adicional cuarta. *Extensión de prazos aplicables ás moratorias.*

Os prazos establecidos nos artigos 7 e 8.1 poderán estenderse mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, cando así se estableza mediante a correspondente modificación das directrices da Autoridade Bancaria Europea sobre as moratorias lexislativas e non lexislativas dos reembolsos de préstamos aplicadas á luz da crise da COVID-19.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para as moratorias e suspensións de financiamentos.*

As moratorias e suspensións concedidas entre o 30 de setembro de 2020 e a entrada en vigor deste real decreto lei, ao abeiro do previsto no artigo 7 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; no artigo 21 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo; no artigo 3 do Real decreto lei 25/2020, do 3 xullo; no artigo 18 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo; ou nun acordo sectorial dos regulados polos artigos 6 a 8 do Real decreto lei 19/2020, do 26 de maio, manterán as condicións e duración polas cales foron concedidas no seu día.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Os capítulos I e III do título I e as disposicións adicionais primeira e segunda dítanse ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencias en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Pola súa banda, o capítulo II do título I dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social; e bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

O título II e a disposición adicional terceira dítanse ao abeiro do artigo 149.1. 6.^a, 8.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación mercantil; lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan; de bases da ordenación de crédito e banca; e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habíltese o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto lei, e o ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para o desenvolvemento, por orde ministerial, do Rexistro de Mediadores Sociais do Ingreso Mínimo Vital regulado na disposición transitoria oitava do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN